Firmado por: ***417*** - MARIA ELENA CANDIA LÓPEZ (FECHA: 2026-11-10 11:22:41.00)
CVD: u9y1jhq95/A3L2opyJhq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 9241/2026

DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO: 2026/G007/000016

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

En relación coa xustifcación do carácter extraordinario da convocatoria desta sesión plenaria, que vén dada pola necesidade da rendición da Conta Xeral para os efectos de evitar prexuizos no ámbito subvenciónal, no marco do establecido no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei reguladora das facendas locais. Así como pola necesidade de aprobar a modificación do cadro de persoal, que en última instancia redunda no beneficio do interés público.

Considerando que a conta xeral foi ditaminada pola comisión informativa correspondente, o nove de outubro de 2026, polo que non procede que se eleve novamente á dita comisión informativa, do que resulta que pode someterse directamente á formación de vontade do órgano plenario.

Considereando que o artigo 83.2 permite someter directamente á vontade do órgano plenario os asuntos dependentes da Alcaldía, sen necesidade de ditame da comisión informativa correspondente.

Vista a relación de expedientes conclusos asinada polo secretario xeral do Pleno o 9 de outubro de 2026 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **EXTRAORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **venres**, día **13 de novembro de 2026**, ás **OITO HORAS E TRINTA MINUTOS**, de acordo coa seguinte **orde do día:**

PARTE RESOLUTIVA

TESOURERÍA

1. APROBACIÓN CONTA XERAL 2025 (2026/G00400722)

PERSOAL

2. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL (2026/G004/000708)

Notifíqueselles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un terzo do número legal de membros da corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.